

Órgano: **Audiencia Provincial**

Sede: **Pontevedra**

Sección: **2**

Fecha: **18/06/2026**

Nº de Recurso: **46/2025**

Tipo de Resolución: **Sentencia**

**AUD.PROVINCIAL SECCION N. 2**

**PONTEVEDRA**

**SENTENCIA: 00162/2026 -**

ROSALÍA DE CASTRO NUM.5

Teléfono: 986.80.51.19

Correo electrónico: EMAIL000

Equipo/usuario: ISA

Modelo: N85850 SENTENCIA CONDENATORIA

N.I.G.: NUM021

**ROLO: PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000046 /2025 I Órgano Procedencia: T.I.-XDO. INSTRUCCIÓN NÚM. 1 DE PONTEVEDDRA**

**Proc. Orixen: DPA DILIXENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 519/2022**

Delito: FALSIFICACIÓN DOCUMENTOS PÚBLICOS

ACUSACIÓN: MINISTERIO FISCAL

Contra: Serafín, Antón, Eladio, Justa, Eliseo, Dimas, Lucio,

Bernardo, Casiano, Pío

, Camila, Denis, Obdulio, Nicolás, Marcelino, Camila, Xurxo

Procuradores: MARIA CRENDE RIVAS, DOLORES ABELLA OTERO, ANGELA PEREZ ACUÑA, MARIA CRENDE RIVAS, MARIA CRENDE RIVAS, ENCARNACION FERNANDEZ SANCHEZ, MIGUEL ANGEL PALACIOS PALACIOS,

JUAN CARLOS ALVAREZ VAZQUEZ, ANA JANEIRO CASTRO, MARIA DEL CARMEN VIDAL RODRIGUEZ, JUAN CARLOS ALVAREZ VAZQUEZ, JOSE MIGUEL GIL MAYORAL, MARIA DEL CARMEN HERMIDA PORTELA, MARIA DEL CARMEN HERMIDA PORTELA, CRISTINA ALVAREZ CIMADEVILA, MARIA SANJUAN CARRIL, MARIA DEL CARMEN HERMIDA PORTELA

Avogados: ISMAEL GOMEZ SOLLA, JESUS ANGEL ALONSO ALVAREZ, MARIA CONSUELO GIL GARCIA, MARIA JESUS RODRIGUEZ RIVADA, PEDRO FERNANDEZ VAZQUEZ, MARIA DEL PILAR NUÑEZ CAMPOS, VALENTIN OUBIÑA RODRIGUEZ, CAYETANO MARQUEZ MESTRE, ALBA CARRERA IGLESIAS, JOSE PABLO GALVAN CARBALLO, JUAN MANUEL TERESA PERELES, JAVIER PICALLO BUA, JAVIER RODRIGUEZ FERNANDEZ, JAVIER RODRIGUEZ FERNANDEZ, MANUEL FRANCO ARGIBAY, LUCIANO PRADO DEL RIO, ISMAEL GOMEZ SOLLA

**SENTENZA NÚM. 162**

=====

**Maxistrados:****Ilmo. Sr. don José Juan Ramón Barreiro Prado****Ilma. Sra. dona María Rosario Cimadevila Cea****Ilmo. Sr. don David Pérez Laya**

Pontevedra, 18 de xuño de 2026

Foi vista, en xuízo oral e público, ante a Sección Segunda desta Audiencia Provincial, a causa instruída co núm. **46/2025** (diligencias previas núm. 519/2022), procedente da Sección de Instrución, praza núm. 1, do Tribunal de Instancia de Pontevedra, e seguida polo trámite do **procedemento abreviado**, por un delito de falsificación de documentos públicos contra:

**Serafín**, con NIF núm. [REDACTED] natural de Suíza, nado [REDACTED] de 1973, fillo de [REDACTED] sen que lle consten antecedentes penais, cuxa solvencia tampouco consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED] A Guarda, Pontevedra, representado pola procuradora María Crende Rivas e defendido polo letrado Ismael Gómez Solla.

**Antón**, con NIF núm. [REDACTED], natural da Guarda, nado [REDACTED] 1983, fillo de [REDACTED], sen que lle consten antecedentes penais, cuxa solvencia tampouco consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED] A Guarda, Pontevedra, representado pola procuradora Dolores Abella Otero e defendido polo letrado Jesús Angel Alonso Álvarez.

**Eladio**, con NIF núm. [REDACTED] natural de A Guarda, nado [REDACTED] de 1954, fillo de [REDACTED], sen que lle consten antecedentes penais, cuxa solvencia tampouco consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED] A Guarda, Pontevedra, representado pola procuradora Ángela Pérez Acuña e defendido pola letrada María Consuelo Gil García.

**Justa**, con NIF núm. [REDACTED], natural de Pontevedra, nada [REDACTED] de 1966, filla de [REDACTED] sen que lle consten antecedentes penais, cuxa solvencia tampouco consta, en situación de liberdade, con domicilio [REDACTED], Pontevedra, representada pola procuradora María Crende Rivas e defendida pola letrada María Jesús Rodríguez Rivas.

**Eliseo**, con NIF núm. [REDACTED], natural de Pontevedra, nado [REDACTED] de 1955, fillo de [REDACTED] e de Camila, sen que lle consten antecedentes penais, cuxa solvencia tampouco consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED] Pontevedra, representado pola procuradora María Crende Rivas e defendido polo letrado Pedro Fernández Vázquez.

**Dimas**, con NIF núm. [REDACTED], natural de Boiro (A Coruña), nado [REDACTED] de 1967, fillo de [REDACTED], sen antecedentes penais, cuxa solvencia non consta e en situación de liberdade, con domicilio en [REDACTED] Boiro, A Coruña, representado pola procuradora Encarnación Fernández Sánchez e defendido pola letrada María del Pilar Núñez Campos.

**Lucio**, con NIF núm. [REDACTED] 9, natural da Illa de Arousa, nado o día 3 de abril de 1993, fillo de [REDACTED] domicilio na [REDACTED], Cambados (Pontevedra), representado polo procurador Miguel Ángel Palacios Palacios e defendido polo letrado Valentín Oubiña Rodríguez.

**Bernardo**, con NIF núm. [REDACTED], natural de Ayamonte (Huelva), nado [REDACTED] de 1982, fillo de [REDACTED], sen antecedentes penais, cuxa solvencia non consta e en situación de liberdade, con domicilio [REDACTED], Huelva, representado polo procurador Juan Carlos Álvarez Vázquez e defendido polo letrado Cayetano Márquez Mestre.

**Casiano**, con NIF núm. [REDACTED], natural de Vigo, nado [REDACTED] de 1966, fillo de [REDACTED], con antecedentes penais, cuxa solvencia non consta e en situación de liberdade, con domicilio [REDACTED] pola letrada Milagros Areán Reigosa.

**Pío**, con NIF núm. [REDACTED] natural de Vigo, nado [REDACTED] de 1953, fillo de [REDACTED], sen que lle consten antecedentes penais, cuxa solvencia tampouco consta e en situación de liberdade, con domicilio [REDACTED] Vigo, representado pola procuradora María del Carmen Vidal Rodríguez e defendido polo letrado José Pablo Galván Carballo.

**Camila**, con NIF núm. [REDACTED], natural de Vilagarcía de Arousa, nado [REDACTED] de 1986, filla de [REDACTED], con antecedentes penais, cuxa solvencia non consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED] (Huelva), representada polo procurador Juan Carlos Álvarez Vázquez e defendida polo letrado Juan Manuel Teresa Pereles.

**Denis**, con NIF núm. [REDACTED] natural de Roberto (Huelva), nado [REDACTED] de 1992, fillo de [REDACTED] e de [REDACTED] sen que lle consten antecedentes penais, cuxa solvencia tampouco consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED], Ayamonte (Huelva), representado polo procurador José Miguel Gil Mayoral e defendido polo letrado Javier Picallo Búa.

**Obdulio**, con NIF núm. [REDACTED] natural de Málaga, nado [REDACTED] e 1983, fillo de [REDACTED] e de [REDACTED] sen antecedentes penais, cuxa solvencia non consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED], Málaga, representado pola procuradora María del Carmen Hermida Portela e defendido polo letrado Javier Rodríguez Fernández.

**Nicolás**, con [REDACTED] natural de Tánxer (Marrocos), nado [REDACTED] e penais, cuxa solvencia NIF de [REDACTED], sen [REDACTED] non consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED] (Granada), representado pola procuradora María del Carmen Hermida Portela e defendido polo letrado Javier Rodríguez Fernández.

**Marcelino**, con NIF núm. [REDACTED] natural de Logroño (La Rioja), nado o [REDACTED] de 1987, fillo de [REDACTED] sen antecedentes penais, cuxa solvencia non consta e en situación de liberdade, con domicilio na [REDACTED] Cádiz, representado pola procuradora Cristina Álvarez Cimadevila e defendido polo letrado Manuel Franco Argibay.

**Camila**, con NIF núm. [REDACTED] natural de Pontevedra, nado [REDACTED] de 1952, fillo de [REDACTED] representado pola procuradora María Sanjuán Carril e defendido polo letrado Luciano Prado del Río.

**Xurxo**, con NIF núm. [REDACTED] natural de Vilaboa, nado [REDACTED] de 1978, fillo de [REDACTED] sen antecedentes penais, cuxa solvencia non consta e en situación de liberdade, con domicilio no lugar dos [REDACTED], Pontevedra, representado pola procuradora María del Carmen Hermida Portela e defendido polo letrado Ismael Gómez Solla.

É parte acusadora o Ministerio Fiscal, en representación do cal intervéñen don [REDACTED]

É relator o maxistrado **José Juan Ramón Barreiro Prado**.

## ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** Estas actuacións foron tramitadas polo Xulgado de Instrución núm. 1 de Pontevedra e deron lugar á incoación das dilixencias previas de procedemento abreviado núm. 519/2025, onde se practicaron as dilixencias probatorias que se estimaron convenientes.

**Segundo.-** Efectuadas as indicadas dilixencias probatorias, o instrutor acordou a prosecución do procedemento polo trámite establecido no artigo 779 da Lei de axuízamento criminal.

Trasládóronse as actuacións ao Ministerio Fiscal e ás partes constituídas para que solicitasen a apertura do xuízo oral ou o sobresemento da causa.

**Terceiro.-** Sinalada esta Audiencia como o órgano competente para o coñecemento e a resolución da causa, trasladáronse as actuacións ás defensas dos acusados, que presentaron os seus escritos de defensa, e remitíronse os autos a esta Sala.

**Cuarto.-** Antes do día sinalado para o comezo da vista oral varios dos acusados chegaron a unha conformidade co fiscal, que se reflectiu nos correspondentes escritos achegados a estas actuacións e que, coas súas respectivas asistencia letradas, ratificaron perante este Tribunal.

Os acusados que así se conformaron foron **Serafín, Eladio, Casiano, Pío, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino**.

**Quinto.-** O xuízo oral realizouse, polo tanto, para cos acusados Antón, Lucio e Xurxo, co resultado que se reflectiu nas correspondentes gravacións e actas.

**Sexto.-** O fiscal presentou as seguintes conclusións definitivas:

1º. Ao falecer o acusado **Camila** procede declarar extinguida a súa responsabilidade penal.

2º. Retírase a acusación feita inicialmente contra **Justa e Eliseo** e solicítase para eles unha sentenza absolutoria.

3º. Na primeira das conclusións engádese o seguinte:

A presente causa foi incoada polo Xulgado de Instrución número 2 de Tui en virtude dun auto con data do 3 de outubro de 2019 e acordouse a inhibición en favor dos xulgados de Pontevedra mediante un auto do 18 de febreiro de 2022. As sesións do xuízo oral comezaron o 11 de maio de 2026. Ao longo da tramitación do procedemento houbo períodos inxustificadas de paralización:

- do 29/11/2019 (declaración de Luis) ao 28/05/2020 (informe ampliatorio da Garda Civil en que solicitaba mandamentos xudiciais);
- do 28/05/2020 ao 11/06/2020 (auto en que se declara a instrución complexa);
- do 11/06/2020 ao 09/11/2020 (solicitud dun novo mandamento xudicial);
- do 24/11/2020 (diligencia de entrada e rexistro) ao 10/05/2021 (atestado ampliatorio NUM027);
- do 27/08/2021 (oficio a Tesourería) ao 28/10/2021 (oficio a Capitanía);
- do 18/02/2022 (auto de inhibición) ao 08/06/2022 (auto de incoación no Xulgado de Instrución número 1 de Pontevedra: as dilixencias previas completas non foron remitidas ata o 19/07/2022);
- do 08/06/2022 ao 16/12/2022 (providencia en que se acorda recibir declaración a determinados investigados);
- do 16/12/2022 ao 27/07/2023 (auto de prórroga);
- do 24/07/2024 (informe de Capitanía) ao 04/10/2024 (auto de procedemento abreviado).

Tamén se agrega na primeira conclusión este parágrafo:

Os acusados **Serafín, Eladio, Casiano, Pío, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino** recoñeceron os feitos e alcanzaron un acordo de conformidade coa acusación facilitando a realización do xuízo oral.

4º. Modifícase a cuarta conclusión do escrito de acusación nos seguintes termos:

- 1.- É aplicable para todos os acusados a circunstancia atenuante de dilacións indebidas do artigo 21.6ª do Código penal.
- 2.- Concorre nos acusados **Serafín, Eladio, Casiano, Pío, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino** a circunstancia atenuante analóxica de confesión tardía do artigo 21.7ª en relación co artigo 21.4ª do Código penal.

5º. Modifícase a quinta conclusión do escrito de acusación nos seguintes termos:

- 1.- Procede impoñer aos acusados **Serafín e Eladio** as penas sinaladas no acordo de conformidade, isto é: **dez meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de dous meses** cunha cota diaria de **tres euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que deixe de aboar e **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público e para calquera profesión ou industria relacionada coa homologación e emisión de documentación para embarcacións por un período de **seis meses**.
- 2.- Procede impoñer aos acusados **Casiano, Pío, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino** as penas sinaladas no acordo de conformidade, isto é: **un ano e dous meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de cinco meses** cunha cota diaria de **tres euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que deixen de pagar e **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público e para calquera profesión ou industria relacionada coa homologación e emisión de documentación para embarcacións por un período **dun ano**.

O fiscal **non se opón** a que se acorde a **suspensión** da execución das penas privativas de liberdade que se impoñan aos anteriores acusados por un período de **dous anos**.

3.- Para o resto dos acusados mantéñense as peticións de pena do escrito de acusación.

**Sétimo.-** As defensas dos acusados Antón, Lucio e Xurxo mudaron en definitivas as súas conclusións provisionais.

## FEITOS PROBADOS

**Primeiro.-** O investigado **Camila** era o administrador da mercantil Astixano, SL, sociedade dedicada á construción de embarcacións que contaba cun estaleiro na localidade de Bueu. A Dirección Xeral da Mariña Mercante autorizou a empresa Astixano, SL, con data do 22 de marzo de 2000, a emitir declaracións de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE para todas aquelas embarcacións que se constrúen no seu estaleiro. Dende a mesma data, na súa condición de administrador da sociedade, o investigado tiña habilitación legal para emitir a referida declaración de conformidade para todas aquelas embarcacións que se constrúen no estaleiro da sociedade.

Para que poida emitirse a referida declaración de conformidade é preciso que exista unha documentación técnica que debe estar subscrita por técnicos competentes. A declaración de conformidade da UE ten que estar axustada ao modelo normalizado e legalmente aprobado e debe conter os elementos especificados nos módulos correspondentes establecidos na normativa europea no marco común para a comercialización dos produtos, debe manterse permanentemente actualizada e deberá transcribirse en lingua castelá. A declaración de conformidade permite a matriculación e a inscrición da embarcación.

Polo menos dende 2013 e ata 2021, dende o seu domicilio de Pontevedra, **Camila** dedicouse a emitir declaracións de conformidade de embarcacións que simulaba construír pero que en realidade elaboraba a cambio de prezo, nuns casos a persoas que, sendo titulares dunha embarcación matriculada na 3ª lista, reservada a embarcacións de pesca, pretendían ter ademais unha matriculación na 7ª lista, como embarcacións de recreo, e, noutros casos, a persoas que, sendo titulares de embarcacións, carecían de documentación que as habilitase para a navegación.

En todos os casos, Camila elaboraba unha factura onde se reflectía unha venda inexistente ao cliente dunha embarcación que simulaba que construíra no seu estaleiro e unha falaz declaración de conformidade desa embarcación coa normativa europea; a seguir presentaba a correspondente solicitude de inscrición ante a Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa ou a de Marín, coa cal achegaba a factura, a declaración de conformidade e un manual da embarcación coas súas características técnicas, e obtiña desta forma a inscrición e a matrícula da embarcación, que remitía ás persoas que lle pagaran por iso.

**Segundo.-** Supostos de elaboración de documentos para embarcacións matriculadas na 3ª lista que foron tamén matriculadas na 7ª lista Determinadas persoas, que eran titulares de embarcacións de pesca perfectamente documentadas, rexistradas e matriculadas, recorreron a Camila para obter, a cambio de prezo, unha segunda documentación para as súas embarcacións e unha segunda matrícula como embarcacións de recreo da 7ª lista, sendo plenamente conscientes de que se trataba dun procedemento ilegal e de que unha mesma embarcación non pode ter simultaneamente dúas matrículas diferentes. En concreto:

**1.-** No mes de abril de 2018 elaborou a cambio de prezo, para o investigado **Serafín** a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, un barco da súa propiedade chamado Serafín T, que estaba matriculado na 3ª lista como embarcación de pesca.

Desta forma, Serafín facilitoulle unha copia compulsada por notario do seu DNI e pagoulle a cantidade de 800 euros; a cambio, Camila elaborou unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Serafín, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas. A declaración de conformidade estaba datada o 25 de febreiro de 2016; ademais, elaborou unha factura con data do 17 de xaneiro de 2017, emitida por Astixano, SL, a Serafín, na cal, faltando á verdade, se reflectía a venda dunha embarcación de poliéster marca Astixano, modelo 550 Open, con número de serie ES-NUM028 por un prezo de 5445,00 euros. Con ambos os documentos e un manual de especificacións técnicas da embarcación supostamente vendida, Camila solicitou ante a Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa a inscrición da embarcación e obtivo, con data do 27 de abril de 2018, unha certificación de inscrición da embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo, á cal se asignou a matrícula número .D-...-.... Desta forma, Serafín dispuxo, dende o mes de abril de 2018, de dúas documentacións para unha soa embarcación.

**2.-** En data non precisada do ano 2013, **Eldio**, nacido o NUM029 de 1954 e de ignorados antecedentes penais, encargou a Camila que elaborase a documentación necesaria para matricular na 7ª lista unha embarcación da súa propiedade dedicada á pesca e matriculada na 3ª listaxe co número 3ª-VI-7-12-03.

Camila, a cambio de prezo, elaborou un contrato de compravenda, unha declaración de conformidade da embarcación coa normativa da CEE e obtivo na Capitanía de Marín a inscrición da embarcación, á cal lle foi

asignada a matrícula número .M-...-...-. Desta forma, Eladio dispuxo dende esa data de dúas documentacións para unha soa embarcación.

**3.-** En data non precisada do ano 2013, **Antón**, nacido o NUM030 de 1973 e de ignorados antecedentes penais, encargou a Camila que lle elaborase a documentación necesaria para matricular na 7ª lista unha embarcación da súa propiedade dedicada á pesca e matriculada na 3ª listaxe co número 3ª-VI-7-12-04. Camila, a cambio de prezo, elaborou un contrato de compravenda, unha declaración de conformidade da embarcación coa normativa da CEE e obtivo da Capitanía de Marín a inscrición da embarcación, á cal lle foi asignada a matrícula número .T-...-...-. Desta forma, Antón dispuxo dende esa data de dúas documentacións para unha soa embarcación.

**Terceiro.-** Supostos de elaboración de documentación para embarcacións que carecían dela Determinadas persoas, que eran propietarias de embarcacións que carecían de documentación, solicitaron de Camila que lles elaborase os documentos precisos para poder rexistralas e matricularlas, sen que, neste caso, se acreditase que eran coñecedoras da ilegalidade do procedemento. En concreto:

**1.** No mes de agosto de 2016 **Camila** elaborou a cambio de prezo, para Eugenio, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade da marca Galstron, modelo La Raya, con número de serie NUM031, que carecía de documentación. Camila elaborou unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Eugenio, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 5 de agosto de 2015. Ademais, elaborou unha factura con data do 8 de maio de 2015 emitida por Astixano, SL, a Eugenio onde, faltando á verdade, se reflectía a venda dunha embarcación de poliéster marca Astixano, modelo 600 Open, con número de serie ES-NUM032 por un prezo de 5263,50 euros. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 28 de setembro de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo, á cal se asignou a matrícula número .O-...-...-.

**2.** No mes de abril de 2017, elaborou a cambio de prezo, para XXXX XXXX, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda datada o 4 de xaneiro de 2016, que non respondía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de XXXX XXXX, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 5 de xaneiro de 2016. Con estes documentos e un manual de especificacións técnicas solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 16 de maio de 2017, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-ILET....T..., á cal se asignou a matrícula .A-...-...-.

**3.** No mes de xuño de 2016 elaborou a cambio de prezo, para Florencio, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade da marca Regal, modelo Valanti 225 SC, de nome Cubata, que carecía de documentación.

Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 17 de xaneiro de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Florencio, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 15 de xaneiro de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 1 de xullo de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-DOS....Y..., á cal se asignou a matrícula .S-...-...-.

**4.** No mes de agosto de 2016 elaborou a cambio de prezo, para Luis Pedro, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade da marca Bayliner, modelo Trophy. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 5 de abril de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Luis Pedro, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 5 de abril de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo, da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 10 de abril de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-JTN.....P..., á cal se asignou a matrícula .J-...-...-.

- 5.** No mes de maio de 2018 elaborou a cambio de prezo, para Casimiro, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía de documentación. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación datada o 17 de xaneiro de 2017 e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Casimiro, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 17 de xaneiro de 2017. Con ambos os documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 8 de xuño de 2018, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-JTN.....P..., á cal se asignou a matrícula .E-...-...-...
- 6.** No mes de setembro de 2015 elaborou a cambio de prezo, para Pedro Enrique, a documentación necesaria para inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación, con data do 8 de febreiro de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Pedro Enrique, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 7 de febreiro de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 12 de maio de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-VACR....E..., á cal se asignou a matrícula .S-...-...-...
- 7.** No mes de marzo de 2016 elaborou a cambio de prezo, para Jose Francisco, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía de documentación. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación datada o 15 de marzo de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Jose Francisco, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 10 de abril de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 30 de marzo de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-UDGP....V..., á cal se asignou a matrícula .N-...-...-...
- 8.** No mes de maio de 2016 elaborou a cambio de prezo, para Vidal, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía de documentación. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Vidal, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 7 de febreiro de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 12 de maio de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-CWBK....I..., á cal se asignou a matrícula .W-...-...-...
- 9.** No mes de xullo de 2017 elaborou a cambio de prezo, para Gumersindo, residente en Almería, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 18 de xaneiro de 2016, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Gumersindo, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 18 de xaneiro de 2016. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 12 de xullo de 2017, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-PFS..Z..N..., á cal se asignou a matrícula .A-...-...-...
- 10.** No mes de decembro de 2015 elaborou a cambio de prezo, para Justino, residente en El Ejido, Almería, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 17 de agosto de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, onde, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, da cal era propietario Justino, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o

17 de agosto de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 5 de xaneiro de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-DIAT....Z..., á cal se asignou a matrícula .N-...-...-...

**11.** No mes de xullo de 2018 elaborou a cambio de prezo, para Santos, residente en Almería, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 18 de febreiro de 2017, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Santos, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas. Estaba datada o 18 de febreiro de 2017 e con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 13 de xullo de 2018, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-GOMK....U..., á cal se asignou a matrícula .P-...-...-...

**12.** No mes de abril de 2015 elaborou a cambio de prezo, para Efraín, residente nas Illes Balears, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación que non obedecía á realidade e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación de que era propietario Efraín fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 20 de xullo de 2015, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-KQZJ....I..., á cal se asignou a matrícula .U-...-...-...

**13.** No mes de abril de 2016 elaborou a cambio de prezo, para XXXX Daniel, residente nas Illes Balears, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 28 de outubro de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de XXXX Daniel, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 26 de outubro de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 26 de outubro de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-FBG..Q..Y..., á cal se asignou a matrícula .Z-...-...-...

**14.** No mes de xuño de 2017 elaborou a cambio de prezo, para Esteban, residente nas Illes Balears, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 20 de agosto de 2016, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Esteban, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 20 de agosto de 2016. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 21 de xuño de 2017, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-ZWQ.....L..., á cal se asignou a matrícula .B-...-...-...

**15.** No mes de setembro de 2017 elaborou a cambio de prezo, para Tomás, residente nas Illes Balears, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 5 de febreiro de 2016, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Tomás, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 5 de febreiro de 2016. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 22 de setembro de 2017, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO073, á cal se asignou a matrícula .Q-...-...-...

**16.** No mes de marzo de 2016 elaborou a cambio de prezo, para , residente nas Illes Balears, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do día 15 de maio de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade

de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, onde, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Eugenio, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 4 de outubro de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 17 de marzo de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-ACR.....T..., á cal se asignou a matrícula .N-...-...-

**17.** No mes de agosto de 2017 elaborou a cambio de prezo, para XXXX, residente nas Illes Balears, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación o día 9 de xaneiro de 2016, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, da cal era propietario XXXX, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 9 de xaneiro de 2016. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 23 de agosto de 2017, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-HCMMN...G..., á cal se asignou a matrícula .K-...-...-

**18.** No mes de abril de 2016 elaborou a cambio de prezo, para Blas, residente en Arenys de Munt, Barcelona, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 27 de novembro de 2014, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Blas, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 27 de novembro de 2014. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 28 de abril de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-QJLJH...J..., á cal se asignou a matrícula .N-...-...-

**19.** No mes de agosto de 2016 elaborou a cambio de prezo, para Gaspar, residente en Alexis Susanna, Barcelona, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 21 de marzo de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de BARCO019, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 21 de marzo de 2015. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 10 de agosto de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-JTN.....P..., á cal se asignou a matrícula .J-...-...-

**20.** No mes de xaneiro de 2019 elaborou a cambio de prezo, para Cayetano, residente en Berrocalejo, Cáceres, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación con data do 18 de xullo de 2017, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Cayetano, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 15 de abril de 2017. Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 3 de xaneiro de 2019, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-UKW..N..G..., á cal se asignou a matrícula .J-...-...-

**21.** No mes de febreiro de 2016 elaborou a cambio de prezo, para Norberto, residente en Jerez de la Frontera, Cádiz, a documentación necesaria para que puidese inscribir na 7ª lista, como embarcación de recreo, unha embarcación da súa propiedade que carecía dela. Camila elaborou unha factura de venda da embarcación o 7 de febreiro de 2015, que non obedecía á realidade, e unha declaración de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE, na cal, faltando á verdade, se indicaba que a embarcación, propiedade de Norberto, fora construída por Astixano, SL, e era conforme ás indicadas directivas; estaba datada o 5 de febreiro de 2015.

Con estes documentos solicitou e obtivo da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, o 25 de febreiro de 2016, unha certificación de inscrición da súa embarcación na BARCO002 da Mariña Mercante como embarcación de recreo con número BARCO005-PDXS....Z..., á cal se asignou a matrícula .J-...-...-

**Justa Justa** era a titular da conta número xxxx, utilizada para recibir as transferencias das persoas que compraban os documentos que emitía Elías. Justa, sendo coñecedora de que o seu irmán non construíra as embarcacións que documentaba, permitiu que utilizase a sa conta bancaria para recibir nela os ingresos que obtiña. Ademais, en moitos casos era ela quen presentaba as solicitudes e os documentos necesarios na Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa. A partir do 2019, Justa aparecía nas solicitudes de inscrición e matriculación como persoa autorizada por Elías e, unha vez que se emitían as correspondentes certificacións de inscrición, éranlle remitidas a ela. Así, en concreto, estaba autorizada para a presentación de solicitudes de inscrición realizadas a nome de [REDACTED]

**Eliseo**, irmán de Elías, sendo coñecedor de que este ltimo non construíra as embarcacións que documentaba, presentaba tamén en moitas ocasións as solicitudes de inscrición ante a Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa e, a partir de 2019, aparece en moitas delas como persoa autorizada por Elías para a presentación de solicitudes de inscrición. En concreto, presentou as solicitudes a nome d [REDACTED]

Mais, á hora de mudar as súas conclusións provisionais en definitivas, o fiscal retirou a devandita acusación contra os irmáns Justa e Eliseo e solicitou para eles, por tal motivo, un pronunciamento absolutorio.

**Sexto.**- Elías faleceu o 21 de abril de 2026 e o fiscal pediu por este motivo, nas súas conclusións definitivas, a extinción da sa responsabilidade penal.

**Sétimo.**- A presente causa foi incoada polo Xulgado de Instrución número 2 de Tui en virtude dun auto do 3 de outubro de 2019; e acordouse a inhibición en favor dos xulgados de Pontevedra por un auto do 18 de febreiro de 2022.

As sesións do xuízo oral comezaron o 11 de maio de 2026. Ao longo da tramitación do procedemento houbo períodos inxustificadas de paralización como os seguintes:

- do 29/11/2019 (declaración Miguel Ángel Pacheco Gómez) ao 28/05/2020 (informe ampliatorio da Garda Civil en que solicitaba mandamentos xudiciais);
- do 28/05/2020 ao 11/06/2020 (auto en que se declara a instrución complexa);
- do 11/06/2020 ao 09/11/2020 (solicitud dun novo mandamento xudicial);
- do 24/11/2020 (diligencia de entrada e rexistro) ao 10/05/2021 (atestado ampliatorio NUM005);
- do 27/08/2021 (oficio a Tesourería) ao 28/10/2021 (oficio a Capitanía);
- do 18/02/2022 (auto de inhibición) ao 08/06/2022 (auto de incoación no Xulgado de Instrución número 1 de Pontevedra: as dilixencias previas completas non foron remitidas ata o 19/07/2022);

- do 08/06/2022 ao 16/12/2022 (providencia en que se acorda recibir declaración a determinados investigados);
- do 16/12/2022 ao 27/07/2023 (auto de prórroga);
- do 24/07/2024 (informe de Capitanía) ao 04/10/2024 (auto de procedemento abreviado).

**Oitavo.-** Os acusados **Serafín, Jaime, Pío, Leonardo, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino** recoñeceron os feitos. Acadaron un acordo de conformidade coa acusación e facilitaron a realización do xuízo oral.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.** Nos feitos que se declararon probados reflíctense os que o fiscal lle imputaba ao acusado Elías, falecido o 21 de abril de 2026, para o único efecto dunha contextualización e mellor comprensión deles pola súa relación co que logo tamén se lles imputaba aos demais acusados.

Neste sentido, a STS, Penal, Sección 1ª, do 24 de novembro de 2023 (ROJ: STS 5196/2023 - ECLI:ES:TS:2023:5196) lembra que así se pode facer para a reconstrución probatoria do inxusto sistémico e das súas proxeccións executivas para determinar a responsabilidade penal. E confirma que deste xeito non se vulga a persoas que non podían defenderse, senón que, á luz da proba practicada, se fixaron como probados os feitos esenciais da acusación en que interviñeron persoas cuxa responsabilidade penal se extinguiña e que, por tanto, non se pode declarar xa.

Así, non se lle ocasiona ningún gravame aos demais acusados que puidese afectar ao seu dereito a un proceso xusto e equitativo, pois a proba da súa intervención criminal veu marcada polos termos da acusación contra a que puideron despreñar unha plena estratexia de defensa. E como non se fixo antes na presente causa, na parte dispositiva desta mesma sentenza declaramos a extinción da responsabilidade criminal de Elías, a teor do artigo 130.1.1º do Código penal.

**Segundo.** Do mesmo xeito, nos feitos declarados probados reflectiuse a participación delituosa que, en principio, o fiscal lles atribuíña aos acusados Justa e Eliseo.

Mais logo, nas conclusións definitivas, retirou a acusación para estes. Polo tanto, por este motivo, imponse, como así se expresará na parte dispositiva desta sentenza, a súa absolución.

**Terceiro.** A existencia de pactos de asunción de responsabilidade por parte dalgúns dos acusados non supón unha xenuína conformidade procesual. Esta constitúe un mecanismo legal de terminación anticipada do proceso mediante o cal se recoñece ás partes a potestade de fixar en termos fácticos e normativos o propio obxecto declarativo sobre o que debe pronunciarse, para a súa validación, o tribunal, renunciando, ademais, ao exercicio dos correspondentes dereitos de alegación, práctica de proba e de defensa previstos na lei. A conformidade sobre a cualificación acusatoria vincula fortemente o tribunal, que ten vedado valorar a sostibilidade probatoria da pretensión de condena formulada por todas as partes. O tribunal só conserva unha facultade de control da legalidade do acordo alcanzado no sentido de que os feitos conformados se deban subsumir na norma invocada como título de condena e que a pena se axuste á prevista no tipo e ás regras legais de determinación previstas no Código penal. Pero esta intervención non faculta o tribunal, no caso de que o acordo supere o referido test de legalidade, nin para modificar os termos normativos pactados nin, tampouco, para modular á baixa a pena pretendida. Neste caso, o tribunal, constatada a libre vontade da persoa acusada na conformación do acordo e o coñecemento das súas consecuencias, debe pronunciar a sentenza nos termos precisados nela.

A STS, Penal, Sección 1ª, do 18 de decembro de 2025 (ROJ: STS 6107/2025 – ECLI:ES:TS:2025:6107) alerta de que, en supostos de procesos subxectivamente complexos, como é o caso, en que algunhas das persoas acusadas non participan da conformidade pactada entre a acusación e os outros acusados, o devandito mecanismo de fixación do obxecto procesual e de terminación anticipada pode alterar as regras do proceso xusto. E razoa:

*Por el riesgo, primero, de transferencia de los hechos que se fijan en la sentencia anticipada de conformidad al objeto procesal subsistente que reclama la celebración del juicio y la práctica de la prueba propuesta y admitida por el tribunal.*

*Y, segundo, por los riesgos de merma de la imparcialidad del tribunal que pueden derivarse de un previo pronunciamiento firme que recae, o puede recaer, sobre una parte del objeto procesal no enjuiciado.*

*Tal vez, la necesidad de neutralizar dichos riesgos explica el pronunciamiento del Tribunal de Justicia de la Unión Europea en la STJUE de 28 de noviembre de 2024, C-398/23, caso PT y Sofiyska Gradska Prokuratur. El Tribunal*

*de la Unión considera compatible con las exigencias derivadas de la Directiva 2012/13 sobre el derecho a la información en el proceso penal, la regulación procesal búlgara contenida en el artículo 387 CPP que previene que los acusados no conformes deben aceptar los acuerdos parciales de conformidad alcanzados por otros acusados en la fase de juicio, como condición para su homologación judicial. En atención, precisamente, a la proyección que la información sobre lo conformado puede tener sobre el efectivo ejercicio de los derechos defensivos de los que son titulares los acusados que no han reconocido su culpabilidad. Si bien, y debe resaltarse, el Tribunal de Luxemburgo no considera que ese mecanismo consensual previsto en la legislación búlgara para la homologación judicial de las conformidades parciales pueda calificarse como una exigencia constitutiva derivada del Derecho de la Unión. El Tribunal se limita a destacar, simplemente, su compatibilidad.*

Se ben no presente caso non nos encontramos ante un xuízo de conformidade propiamente dito, porque algúns dos acusados non aceptaron a súa culpabilidade aínda que outros si o fixeron, isto, evidentemente, debemos telo en conta xa que recoñeceron expresamente o seu proceder delituoso nos termos reflectidos polo fiscal no seu escrito de acusación, que só modificou no relativo á solicitude de penas para cada un deles. E esta asunción de responsabilidade por parte da meirande parte dos acusados de ningún modo supuxo — como tamén se razoa na citada STS— un fraccionamento do obxecto procesual, nin un adiamento, sen xuízo, do pronunciamento do tribunal, nin liberou, xa que logo, o fiscal da carga de acreditar os feitos da súa acusación, sen prexuízo de que a confesión dos outros acusados conformes modulase á baixa o seu esforzo probatorio.

Este tipo de acordos de asunción de responsabilidade por parte dalgunhas das persoas acusadas, sempre que non comprometan os dereitos defensivos das non conformadas e respecten o principio de unicidade do proceso, son de todo compatibles coas esixencias de equidade e xustiza. Entre outras razóns, porque cabe presumir que responden a relevantes intereses defensivos das persoas que os asumen, como pode ser o de atemperar a resposta penal pretendida pola acusación. O Código penal prevé cláusulas de degradación da responsabilidade que se activan mediante o recoñecemento dos feitos e a colaboración para o descubrimento da verdade, a efectiva persecución doutros responsables e a reparación das consecuencias do delito —así, os artigos 376, 434, 570 quater.4º, 579 bis.3, entre outros—. E a súa eficacia non pode facerse depender do consenso das outras persoas acusadas que non recoñecen os feitos. Esta esixencia suporía unha grave afectación dos xenuíños dereitos defensivos e inculporios da persoa afectada. E isto sen prexuízo do valor probatorio que se debe atribuír aos referidos recoñecementos con relación á participación dos outros acusados que poidan verse afectados e da efectiva garantía dos dereitos defensivos das outras partes.

No mesmo sentido se expresou a ben recente STS, Penal, Sección 1ª, do 13 de maio de 2026 (ROJ: STS 2097/2026 - ECLI:ES:TS:2026:2097) para un caso en que un mesmo letrado asumiu a defensa dun acusado que non se conformou e doutro que si o fixo.

Ademais de todo o dito, resulta que, no presente caso, o feito de que moitos dos acusados se conformasen cos feitos que lles imputaba o fiscal e outros poucos non en nada negativo lles afectou a estes. Abonda con remitirse ao escrito de acusación do fiscal para dun xeito ben doado e incontestable decatarse de que aos acusados que non se conformaron se lle imputaban uns concretos feitos delituosos que, aínda que similares, para nada estaban relacionados coa participación delituosa dos acusados que si se conformaron. Cada un deles actuou en por si e na súa propia comenencia, sen a máis mínima relación ou conexión cos outros. Así de claro.

Xa que logo, pola súa expresa conformidade, condenamos os acusados **Serafín, Jaime, Pío, Leonardo, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino**, como responsables en concepto de cooperadores necesarios nun delito de falsidade en documento oficial, ás penas e consecuencias legais inherentes que finalmente solicitou o fiscal e aceptaron cada un deles, como máis polo miúdo reflectiremos na parte dispositiva desta sentenza.

**Cuarto.** A defensa de Antón alegou a prescrición do delito con base no seguinte: matriculou a súa embarcación na 7ª lista o 1 de xaneiro de 2013; as primeiras pescudas policiais tiveron lugar en agosto de 2019, é dicir, pasaron seis anos e oito meses, tempo moi superior aos cinco anos de prescrición; non se trataba dun delito de falsidade cometido por un funcionario público porque o falecido Elías non o era, pois, do contrario, todos os xestores serían funcionarios públicos; non procedía que, por analoxía, o fiscal puidese considerar a Elías como funcionario público e alongar así o prazo de prescrición ata os dez anos.

Pois ben, segundo o escrito de acusación do fiscal e como se declarou probado, Elías era o administrador de Astixano, SL, que se dedicaba á construción de embarcacións e tiña un estaleiro en Bueu. A esta empresa a Dirección Xeral da Mariña Mercante, o 22 de marzo de 2000, a autorizara para emitir declaracións de conformidade de embarcacións de recreo cos requisitos de deseño, construción e emisión sonora da Directiva 94/25/EC e modificacións da Directiva 2013/53/UE para todas aquelas embarcacións que se constrúen no devandito estaleiro. Dende a referida autorización o amentado acusado tiña a habilitación legal para emitir a

declaración de conformidade para todas aquelas embarcacións que se constrúen no estaleiro, para o cal se precisaba dunha documentación técnica que debe estar subscrita por técnicos competentes. A declaración UE de conformidade tiña que axustarse ao modelo normalizado e legalmente establecido e debía conter os elementos especificados nos módulos correspondentes establecidos na normativa europea no marco común para a comercialización dos produtos, debía manterse permanentemente actualizada e debía transcribirse en lingua castelá, e permitía así a matriculación e a inscrición da embarcación.

A imputación realizada polo fiscal a Elías engadía que dende o 2013 ata o 2021 se dedicara a emitir declaracións de conformidade de embarcacións que simulaba construír, pero que en realidade elaboraba a cambio de prezo, nuns casos a persoas que, sendo titulares dunha embarcación matriculada na 3ª lista, reservada a embarcacións de pesca, pretendían ter ademais unha matriculación na 7ª lista, como embarcacións de recreo, e, noutros casos, a persoas que, sendo titulares de embarcacións, carecían de documentación que as habilitase para a navegación. En todos os casos, Elías confeccionaba unha factura onde reflectía unha venda inexistente ao cliente dunha embarcación que simulaba que construíra no seu estaleiro e unha falaz declaración de conformidade desa embarcación coa normativa europea para, deseguido, presentar a correspondente solicitude de inscrición perante a Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa ou de Marín, coa cal achegaba a factura, a declaración de conformidade e un manual da embarcación coas súas características técnicas e obtiña así a inscrición e a matrícula da embarcación que remitía ás persoas que lle pagaran para iso.

En concreto, no relativo ao acusado Antón, a acusación pública imputoulle que nunha data non precisada do ano 2013:

*[...] encargó a Elías que le elaborase la documentación necesaria para matricular en la 7ª Lista una embarcación de su propiedad dedicada a la pesca y matriculada en la tercera Lista con el número 3ª-VI-7-12-04. Elías, a cambio de precio, elaboró un contrato de compraventa, una declaración de conformidad de la embarcación con la normativa BARCO033 y obtuvo en la Capitanía de Marín la inscripción de la embarcación, a la que le fue asignada la matrícula nº .T...-... De esta forma, Antón dispuso, desde esa fecha de dos documentaciones para una sola embarcación.*

Nun caso que garda notoria similitude co presente, no cal un acusado era xerente e propietario dunha empresa dedicada á construción de remolques e solicitara e obtivera do Ministerio de Industria a alta no Rexistro de fabricantes e representantes de determinadas marcas e que lle fora concedida a autorización administrativa para asinar os certificados de homologación nas tarxetas de inspección técnica de vehículos cos correspondentes contrasinais de homologación, e expedira e asinara, a cambio de prezo, tarxetas de inspección técnica de vehículos para legalizar vehículos remolque onde facía constar que se axustaban nas súas características técnicas á dalgún dos modelos da súa homologación, sabendo que non era certo, a SAP, Penal, Sección 4ª, do 3 de marzo de 2014 (ROJ: SAP PO 766/2014 - ECLI:ES:APPO:2014:766) sinalaba o seguinte:

*[...] ninguna duda alberga el Tribunal de que el acusado participa en el ejercicio de funciones públicas ya que uno de los aspectos de la seguridad ciudadana es la seguridad vial, cuya garantía corresponde al poder público y que a la Administración corresponde establecer las medidas para que la circulación se realice en condiciones adecuadas.*

*Una de estas condiciones es sin duda la de que los vehículos que las transiten se ajusten a las características técnicas homologadas y se encuentren en correcto funcionamiento, pues sus deficiencias mecánicas o estructurales pueden incidir, y de hecho inciden, en la seguridad del tráfico y la inspección técnica de vehículos, en cuanto que es un medio para lograr aquella finalidad, pues forma parte de las actividades públicas vinculadas a la seguridad industrial, como estima la doctrina mayoritaria, participa de la naturaleza de función pública y corresponde ejercerla al Estado y se gestiona por quienes se encuentran debidamente autorizados, como sucede en este caso.*

E argumentando o acusado, cando recorreu en casación, que tiña a condición de particular e non podía apreciarse a súa condición de funcionario público, xa que non realizaba ningunha actividade no exercicio de funcións públicas e a súa actuación estaba enmarcada no ámbito meramente contractual, no exercicio libre e privado da súa actividade profesional, e que, en todo caso, debía rexeitarse que estivese actuando dentro das súas funcións, o ATS, Penal, Sección 1ª, do 4 de decembro de 2014 (ROJ: ATS 9857/2014 - ECLI:ES:TS:2014:9857A) —que non admitiu a trámite o devandito recurso— razoou clara e contundentemente o seguinte:

*Tal y como ha declarado esta Sala, el concepto de funcionario público contenido en el art. 24.2 Código Penal, conforme al cual “se considerará funcionario público a todo el que por disposición inmediata de la Ley, por elección, o por nombramiento de Autoridad competente participe en el ejercicio de funciones públicas”, es*

un concepto de Derecho Penal independiente de las categorías y definiciones que nos ofrece el Derecho administrativo en el que lo verdaderamente relevante es proteger de modo eficaz la función pública, así como también los intereses de la Administración en sus diferentes facetas y modos de operar (STS de 27 de enero de 2003 y 4 de diciembre de 2001). Se trata de un concepto más amplio que el que se utiliza en otras ramas del ordenamiento jurídico, y más concretamente en el ámbito del Derecho administrativo, pues mientras que para éste los funcionarios son personas incorporadas a la Administración Pública por una relación de servicios profesionales y retribuidos, regulada por el Derecho administrativo, por el contrario, el concepto penal de funcionario público no exige las notas de incorporación ni permanencia, sino fundamentalmente "la participación en la función pública" (STS de 4 de diciembre de 2002), a la que debe accederse por cualquiera de las tres vías de designación que recoge el precepto (STS 28 de febrero de 2014).

Para una correcta determinación del carácter público de la actuación ha de partirse, necesariamente, de la concurrencia de una finalidad dirigida a satisfacer los intereses generales, el criterio teleológico al que hemos hecho referencia con anterioridad, esto es, a las potestades de la administración, legislativa, jurisdiccional y ejecutiva, y dentro de éstas las dirigidas a la satisfacción del bien común, enseñanza, justicia, hacienda, fomento, comunicaciones, seguridad, agricultura, sanidad, abastecimientos, etc. Criterio que ha de ser delimitado, a su vez, por el requisito subjetivo, en cuya virtud el órgano del que emane sea público, y otro objetivo, por el que se exige que la actividad sea regida por normas de carácter público, aunque la relación entre el sujeto que la realiza y el órgano pueda ser regulada por normas no públicas (STS 186/2012).

El motivo ha de inadmitirse. Se prescinde de los hechos declarados probados en los que se afirma que confeccionó fichas de Inspección Técnicas de Vehículos en las que hacía constar, de modo mendaz, que las características técnicas de los remolques a que afectaban coincidían con las del tipo homologado, actuación que llevaba a cabo dentro de las funciones que como fabricante homologado, titular de contraseña de homologación y autorizado para expedir tarjetas de ITV, le correspondía. Por tanto, se dan todos los elementos configuradores del delito por el que ha sido condenado: la incorporación, con conocimiento, de afirmaciones falsas con trascendencia jurídica en un documento oficial por parte del recurrente, en el desempeño de función pública y dentro del marco propio de su actuación.

El recurrente pretende dar una interpretación distinta al concepto de funcionario público; si bien, tal y como justifica la sentencia recurrida en el fundamento jurídico cuarto, el recurrente participaba en el ejercicio de funciones públicas ya que uno de los aspectos de la seguridad ciudadana es la seguridad vial, afectando a la misma el hecho de que los vehículos que por ella transitan no se encuentren en correcto funcionamiento, pues sus deficiencias mecánicas o estructurales pueden incidir en la seguridad del tráfico; y la inspección técnica de vehículos, en cuanto es un medio para lograr aquella finalidad, forma parte de las actividades públicas y participa de la naturaleza de función pública, que corresponde ejercerla al Estado y se gestiona por quienes se encuentran debidamente autorizados. Y en las actuaciones consta la certificación remitida por el Ministerio de Industria que señala, en la resolución de fecha 31 de enero de 1994, a xxx fabricante de remolques ligeros de la marca Leiro, y quedaba registrada la firma del recurrente como persona autorizada para firmar las solicitudes de homologación y las tarjetas de ITV de aquellos remolques.

Todo lo expuesto, avala la conclusión de la Sala de que la actividad imputada al recurrente se realizó dentro del marco del ejercicio de funciones públicas; realizando dicha actividad —contrariamente a lo referido por él— dentro del marco propio de su actuación y para los fines que tenía asignados, dado que confeccionó la tarjetas de ITV como fabricante homologado y para las contraseñas de homologación que constan inscritas en el Ministerio de Industria; esto es, certificaba en las fichas de inspección técnica lo que no se correspondía con las características del tipo homologado, actividad que llevaba a cabo como titular de la contraseña de homologación facilitada por el Ministerio de Industria.

Na mesma liña se expresa a STS, Penal, Sección 1ª, do 27 de maio de 2020 (ROJ: STS 4515/2020 - ECLI:ES:TS:2020:4515).

Xa que logo, e tratándose dunha cooperación necesaria (artigos 28.b) e 65.3) nun delito de falsidade en documento oficial cometido por funcionario público (artigos NUM006 e NUM007º, 3º e 4º, todos do Código penal), rexeitamos a prescrición invocada pola defensa do acusado Antón.

**Quinto.** O resultado das probas practicadas foi o seguinte:

1.- Os acusados, que só declararon a preguntas dos seus propios letrados:

**Antón** declarou o seguinte: tiña unha embarcación profesional coa que andaba á lamprea e ao meixón no río Miño; primeiro buscou na Guarda e non obtivo resposta; logo buscou unha asesoría ou algo así por se podía ter unha matriculación da 7ª lista; buscou por Internet, conseguiu un número, chamou, díxéronlle que podía ter dobre documentación e aí empezou todo; el non coñecía o señor nin chegou a coñecelo, non lle viu a cara;

envioulle os cartos por medio dun amigo; envioulle a documentación profesional do seu barco, que estaba na 3ª lista, e el devolveulle a deportiva, a da 7ª lista; foi no ano 2013 cando el lle fixo ao señor ese encargo e dende entón utilizaba as dúas matrículas no barco que levaba á vista, unha a babor e outra a estribor; cando estaba coa profesional a traballar na lamprea veu a Garda Civil e foi cando descubriu que non podía ter as dúas listas, e foi nese momento cando tivo que ir declarar, non se lembra en que ano.

**Frida** manifestou que o seu irmán Elías tiña un estaleiro de barcos, primeiro en Bueu e ao cabo dun tempo cambiou e tívoo en Portugal; como estaba en Portugal e ela movíase moito a Vilagarcía de Arousa ás veces pedíalle se podía levar algunhas documentacións; só sabe que era documentación para barcos; non entende moito de náutica porque é decoradora, dedícase á restauración, a facer eventos; ela cedeu unha conta propia para que a usase o seu irmán, de CaixaBank, porque estaba en Portugal, tiña un fillo doutra parella que estaba en Alemaña e quería tramitar cartos para o seu fillo; iso foi o que lle contou o seu irmán e ela deixoulle o número de conta e pediulle que fose por un tempo breve porque non lle gustaba ter contas así; o seu irmán era un lobo de mar, encantáballe a náutica, os barcos, entendía moito diso; non sabía o das falsificacións.

**Eliseo** dixo que se dedicou á sanidade, como celador do Sergas; sabía que Elías se dedicaba á náutica, con aparencia de correcto e nada de irregularidades; auxiliou o seu irmán coa documentación, pero non sabía o seu contido; non sabe técnicas de náutica, está diagnosticado de bipolaridade e toma medicación dende hai tempo.

**Lucio** declarou o seguinte: na súa empresa exercía o cargo de mecánico co seu avó, era autónomo; só se dedicaban á mecánica, non facían embarcacións e para as documentacións falaban con outras empresas ou contratábanas; moitas persoas foran preguntar se coñecían algún enxeñeiro que se dedicase á tramitación, inscricións en capitanía, etc., e eles citábanlle varias empresas da zona, unha delas Astixano, SL, e xa se poñían en contacto entre eles; outros viñan preguntando se coñecían a Elías porque estaba anunciado en Internet, en Milanuncios, preguntábanlle se coñecía esa persoa que se anunciaba e el dicía que si, que sabían que traballaba en Capitanía, ou sexa, que tiña xente en Capitanía que lle facía as transmisións e parecía unha persoa correcta; o seu compadre chegou ao taller e díxolle que en Milanuncios había unha persoa que facía homologacións a partir de cen euros, que se o podían chamar, que se podían chamalo pola tarde e el escoitar o que dicía, e así o fixo, chamouno diante del e o interlocutor díxolle *non te preocupes*; Elías explicoulle ao compadre que se Máximo facía reparacións entón el pasaría por alí, coñecíaos e xa lles explicaba, porque el tiña barcos de segunda man, dedicábase a comprar motores, etc.; Elías foi alí, mediulle o barco, comentoulle canto lle ía custar, levou o seu DNI e desapareceu sen pedir sinal nin nada, e aos 15 días volveu a pasar polo taller dicindo que xa tiña a documentación do seu compadre e el díxolle que entón ía chamalo; como tiña un pouco de incerteza, descoñecía se era real esa documentación e, como eses días foi a Capitanía porque estaba coa transmisión dun veleiro en propiedade, preguntou alí se a documentación estaba correcta e díxéronlle que si porque a fixera o mesmo señor que o atendeu, e estaba asinada polo capitán marítimo, pois a embarcación era un auxiliar dun bateiro e agora a homologaban para a 7ª lista; Lucio engadiu que varias das testemuñas que estaban fóra da sala acudían a el para o tema das homologacións e outros para mercar barcos de segunda man; el faláballes de Elías, que se dedicaba a comprar e vender barcos, e recomendáballes que falasen con el; polo menos un deixou alí a documentación para facerlla chegar a Elías; e a unha das testemuñas que estaba alí, que tiña un barco auxiliar e quería facer unha homologación á 7ª lista, nos bares comentáranlle que el coñecía un enxeñeiro moi bo que a facía moi rápido, e, si, Elías cada 15 ou 20 días pasaba por alí; chamaron a Elías, quen explicou que lle ía valer tanto e, se podía deixarlle a el o DNI, que xa o recollería el e, ademais, deixáralle un sinal; volveu Elías para que o outro asinase o consentimento dos datos para poder el presentar a documentación en Capitanía e logo el xa lle comentou a José que tiña a documentación e presentoulle a Elías para que amañasen; e que Elías non lle daba ningunha comisión nin lle pagaba nada.

**Xurxo** declarou que no 2018-2019 coñeceu a Elías porque lle comprou unha embarcación; despois non tivo con el máis relación; el dedicábase á compravenda de barcos e trataba con moita xente; sabía que Elías homologaba embarcacións e preguntábanlle a el quen as facía; non recibiu nada de Elías, e pode que lle dese o telefono deste a alguén.

## 2.- As testemuñas:

Vidal coñece a Lucio porque é o seu mecánico, sempre lle leva a el a embarcación para reparar; contactou con ese señor (Elías) e fixeron o trámite de cambio da 7ª lista á 3ª; foi Máximo quen lle comentou que ese home facía iso; a relación foi telefónica, pagoulle e punto; pediulle as medidas e características, foi ver a súa lancha que xa tiña e non a comprou; levou el os papeis a Capitanía; non lle pagou nada a Máximo.

O axente da Garda Civil con número de identificación profesional xxxx declarou o seguinte: a patrulla fiscal da Guarda informounos de que había embarcacións da 3ª categoría, que son de pesca, que os fins de semana utilizaban documentación da 7ª, que é recreativa; cre que comezaron as investigacións no verán de

2019; solicitaron da Comandancia Naval do Miño que lles dixese a xente que tiña embarcacións da 3ª e da 7ª, e eran catro persoas; fixeron as inspeccións pertinentes e resultou que efectivamente utilizaban dobre documentación e lles declararon que a mercaran por Internet a un señor que dicía ter un estaleiro oficial que facilitaba as documentacións con todas as legalidades, que fixeran un ingreso nunha conta a nome da irmá dese señor (Justa); ampliaron a busca á Capitanía de Vigo e solicitaron a mesma información relativa a dobre matriculación e saían noventa e algo, case cen; seguen coas inspeccións e ven que xa non se trata de embarcacións de pesca, senón que eran embarcacións recreativas que non tiñan documentación e que lla mercaran a este señor por Internet; como case todas se rexistraban na Capitanía de Vilagarcía de Arousa, pediron información a esta verbo de quen presentaba a documentación, e era Justa, durante tres meses o seu irmán Eliseo e logo a súa Justa, que era a titular da conta bancaria; Elías tiña un estaleiro pero sen actividade xa había tempo; el era pensionista, non facturaba con Facenda pero si estaba de alta para rexistrar embarcacións; pediron un rexistro no seu domicilio, e nel tiña unha especie de despacho de empresa con carpetas, documentación, etc., e un apartado que poñía colaborador con números de teléfono relativos ao labor do intermediario para conseguir documentación doutros clientes; viron tamén mensaxes de WhatsApp e unha memoria USB; ampliouse a investigación a nivel nacional; non é posible a dobre documentación dunha embarcación, non é legal; ter unha embarcación de pesca supón privilexios fiscais para a compra de motores, gasóleo bonificado, etc., e a 7ª lista non ten eses privilexios fiscais; había un anuncio en Internet que poñía estaleiro, documentos de embarcacións con todos os documentos oficiais; no rexistro encontraron chapas coa marca deles e no teléfono había mensaxes en que se daban instrucións de como tiñan que pegar as chapas de aluminio cun número de serie na embarcación; o estaleiro non tiña actividade, había dúas embarcacións vellas alí, preguntaron nas empresas do lado e dixerónlles que había anos que non había actividade; non encontraron outro centro de traballo; el achegaba á Capitanía unha factura ficticia duns 4000 € por embarcación e cobráballes 100 € por metro segundo poñía no anuncio; recompilaron todos os expedientes do NUM008, 2018 e 2019 da Capitanía que están achegados á causa; en todos eles figura unha factura de venda cunha data ficticia anterior á matriculación, así, se a solicitude era do 2019, pois na factura constaba como do ano anterior; a maior parte das embarcacións non se podería determinar se foron construídas ou non por Astixano, SL, pero tiñan unha chapa; a maior parte delas eran dunha marca diferente; existía unha declaración de conformidade coa normativa europea, é como o certificado técnico dun vehículo onde se reflicten as características da embarcación, os metros, eslora e demais, e iso presentáboo Elías na Capitanía co selo da empresa Astixano, SL; tamén un libro da embarcación, un manual de salvamento, e a solicitude co nome e teléfono do solicitante, que maioritariamente era o seu teléfono ou do interveniente ou do intermediario que había. No referente a Xurxo, os indicios que tiñan de que era colaborador cre que consistían en que constaba o seu teléfono e vendera unha embarcación a uns amigos coa documentación de Astixano, SL, que se revendera outras veces; cre que había un señor vasco que dixera que mercara a documentación a través del. En canto a Lucio, o seu teléfono constaba en cinco ou seis documentacións como a persoa solicitante ou colaboradora, e cre que había unha declaración onde se recoñecía que mercara a documentación a través del; era ilegal ter a mesma embarcación en dúas listas diferentes á vez. Non sabe se a embarcación de Antón figura nas dúas listas co mesmo nome de Galiza; por ningures figuraba como colaborador de Elías.

As dilixencias que instruíron foron por falsificación e estafa porque pensaron que podería haber persoas que estaban actuando de forma ilícita e ilegal, e non era así; houbo persoas que colaboraron e facilitaron os datos e non sabe se sabían se facían algo ben ou mal, que cre que puideron ser enganadas.

O axente da Garda Civil con TIP NUM009 manifestou o seguinte: os encausados facían unha solicitude de inscrición da embarcación, achegaban unha factura de venda, manual da embarcación e certificado das súas características; as facturas eran simuladas porque non coincidían os anos, pois viñan cun ano anterior á data de solicitude, e non cadraba o importe das facturas cos pagos que se constataron; aparecía o custo real dunha embarcación nova de BARCO035, SL, 4000, 6000 ou 8000 €, e o que en realidade se pagaba eran 100 € por metro de eslora; os barcos xa existían, tiñan o nome anterior, tiñan motor intraborda, e o que facían era modificalos e poñer un motor extraborda; creaban unha documentación nova cun modelo e cunha marca nova dunha embarcación que realmente xa existía, pero que carecía de documentación ou que fixera modificacións; no rexistro no domicilio de Elías había un cuarto como un despacho con moitos archivadores AZ, e nas anotacións que encontraron onde estaban os pedidos poñía "propio ou colaborador" segundo se tratase do propio Elías ou outra persoa; cre que nalgún sitio aparece que pagaba 50 € por cada documentación que lle conseguían; os colaboradores tiñan empresas ou estaban relacionados co mundo da náutica. No caso de Xurxo, en varias anotacións aparecía o seu teléfono na solicitude de inscrición; na documentación que se presentaba na Capitanía aparecía o teléfono del en vez do número de quen facía en realidade a solicitude de inscrición; algunha das persoas ás cales lles tomaron declaración dixeron que a persoa de contacto era Xurxo. No relativo a Lucio, el tramitaba a documentación; nalgún dos arquivos figuraba que lle entregaran a el en man a documentación; na denominada evidencia 17 reflíctense as referencias a Lucio verbo da súa participación nos feitos; que interveu na documentación de seis ou sete persoas; el tramitaba a documentación con Elías; o

cliente final citouno a el como a persoa que lle conseguiu a documentación. No que respecta a Antón, figuraba na 3ª e na 7ª listas co mesmo nome de embarcación. As dilixencias foron instruídas por falsidade e estafa porque había persoas que ignoraban que a documentación fose ilegal; non se pode ter dobre matrícula, un mariñeiro debe sabelo ou ten medios para sabelo; non lembra se entre os colaboradores estaba ou non Antón. No caso de Xurxo, José dixo que tramitara con el a documentación.

O axente da Garda Civil xxxx auxiliou na instrución das dilixencias e participou nas inspeccións das embarcacións; cre que na Illa de Arousa si fixo unha inspección.

O axente da Garda Civil xxxx participou na realización do atestado, nas incidencias relacionadas coas embarcacións e tamén nas inspeccións das embarcacións, non lembra cales; non lembra se na Raido 2 de Doroteo nin tampouco se interveu na de Vidal; remítese ás actas de inspección en que participou.

xxxx manifestou o seguinte: o seu pai (xxxx) comproulle documentos dun barco a ese señor, o que pasa é que o matriculou ao seu nome porque dicía que era para el; buscaron por Internet e deron cunha persoa que se encargaba da tramitación e falaban moi ben del; púxose en contacto telefónico con el, explicoulle a situación e o señor díxolle que lle facilitaba a documentación sen problema; pagou o seu pai e mandoulle a documentación; non lle mercaron un barco a Astixano, SL, só a documentación; non lembra se entre os documentos que lle enviaron había unha factura de venda dunha embarcación por 1875 €; cando chegou a documentación non a viu, deulla ao seu pai.

Inmaculada contactou con esa persoa para mercar unha documentación e resulta que a estafou porque descubriu que acabou sendo dona dun buque en Pontevedra, cando ela non ten ningún buque; para máis suplantou a súa identidade; o barco xa era seu, o que mercou foi só a documentación.

Dolores relatou o seguinte: o seu home viu un anuncio dunha embarcación, foina ver, preparou uns papeis, acordou poñela ao seu nome e preguntoulle a un mozo que estaba na Illa de Arousa, Lucio, que tiña un taller; un señor deulle os papeis da embarcación, asinou, pagoulle e sen máis; o trato foi cun señor que estaba no taller de Lucio, que foi a onde ela foi, un señor que só viu ese día e non recoñecería, era como da Comandancia ou da Capitanía Marítima; a embarcación xa a tiñan, mercáranlla a Astixano, SL, no 2019; Fajardo non interveu, pero foi no seu taller.

Carlos Antonio coñece a Antón da Guarda; viu en Internet un anuncio, contactou con eles e mandáronlle os documentos; o barco xa o tiña; mandoulle medir a embarcación, mediuna e mandou algunha foto dela, cre; pagou uns 600 €, pero non recibiu ningunha chapa para colocar no barco.

xxxx manifestou que fixo un barco con toda a documentación legal, que lle pagou e punto; pagoulle a un señor con quen deu por Internet; xa tiña o barco e el fíxolle a documentación; non sabe da factura pola cantidade de 1149 € xa que pagou sobre 300 €.

Fermín mirou en Internet e contactou por teléfono con Elías para facer a documentación; pagoulle sobre 900 €; non mercou ningún barco; el non pagou 6534 €; Elías non viu o barco, só fotos e medidas.

xxxx viu un anuncio en Internet; falou cun señor para cambiar os papeis do barco; pagou 600 ou 700 €; non sabe se lle mandou unha factura, pero el non mercou o barco.

Plácido solicitou unha documentación dun barco que mercara no ano 1992; solicitoulle a documentación a Astixano, SL, para poder navegar; viu o anuncio por Internet e mandáronlle a documentación; pagou 300 €; xa tiña o barco de antes, e outro do ano 1997; non lle comprou o barco a Astixano, SL; mandoulle unha factura entre a documentación.

Guillermo manifestou o seguinte: coñece a Máximo de vista, da Illa de Arousa; viu un anuncio por Internet; facíalle falta a documentación; quedou con el, deulle as medidas e pagou 700 €; o barco xa era seu.

Romualdo comprou a lancha a Astixano, SL, por 3500 € hai sete ou oito anos; quedou co señor que tiña un estaleiro por teléfono.

Mónica Iglesias Sesar mercou un barco a un señor, cre que Manolo; pagou sobre 4000 € e el encargouse dos papeis do barco.

Rubén Cores Mouriño mercou un barco nun estaleiro en Bueu no 2019-2020 e a documentación déronlla co barco.

Doroteo relatou o seguinte: coñece a Máximo porque son veciños; déronlle un número de teléfono de Astixano, SL, ou Elías; non sabe se o encontrou el buscando por Internet; dicían que era enxeñeiro; era para facer unha documentación para unha lancha; díxolle que eran uns 750 €, entregou 350 ou 400 € dunha vez, e 350 € doutra; o señor díxolle que llos entregase a Máximo, que este xa llos daría a el; que fose á náutica de Lucio e entregase

os cartos alí, como así fixo; el non comprou un barco por 2976 €; a Elías non lle mercou ningún barco, só os documentos; a el só lle pediron o DNI.

Juan Pedro declarou o seguinte: comprou unha embarcación e, polo visto, había problemas cos documentos, pagou en efectivo, aínda que agora non recorda, normalmente as embarcacións poñen 7ª e a provincia e neste caso non poñía provincia ningunha, pero el preguntou en Capitanía de Estepona e díxéronlle que non había problema, a Garda Civil estivo inspeccionando a embarcación e tiráronlle fotografías, entregoulles copia da documentación.

### 3.- Testemuñal-pericial:

Jenaro, capitán marítimo, manifestou o que segue: a declaración de conformidade faina o construtor da embarcación de recreo para acreditar que cumpre co marcado pola lexislación e unha directiva europea; só quen constrúe a embarcación pode facer esa certificación ao respecto; outra posibilidade é matricular unha embarcación xa existente, xa construída, mediante un certificado postconstrución que quen pode emitilo é un organismo oficial; Astixano, SL, estivo habilitada dende o ano 2000 ata o 2021; para a declaración de conformidade non sabe se existe un formulario, pero debe ter un contido mínimo.

O así declarado pola anterior testemuña-perito debemos complementalo cos seus informes, sobre todo porque expresamente se ratificou neles e non foron impugnados por ninguén. Así, no seu primeiro informe (acontecemento número 690 das DPA 519/2022 do EXE) reflicte o seguinte:

*[...] que la Dirección General de Marina Mercante comunicó a las Capitanías Marítimas el 14/01/2021 que la citada empresa había perdido su acreditación como constructor de embarcaciones de recreo con marcado CE, tal y como consta en el escrito adjunto. Actualmente, de acuerdo con la información obtenida de nuestros Servicios Centrales, la situación no ha variado y, por tanto, esta empresa carece de acreditación para realizar dicha actividad.*

*En relación con la segunda de las cuestiones planteadas, relativo a los procedimientos de registro y matriculación de las embarcaciones de 7ª lista, le significo que dichos procedimientos están regulados en el Real Decreto 1435/2010, de 5 de noviembre, por el que se regula el abanderamiento y matriculación de las embarcaciones de recreo en las listas sexta y séptima del registro de matrícula de buques (BOE nº 269, de 06/11/2010), que a continuación tratamos de resumir para su mejor comprensión. Se evita entrar en detalle acerca de la documentación requerida para el registro ya que varía y está perfectamente regulada en el citado Real Decreto, detallando únicamente los requisitos técnicos.*

*En general, para poder matricular una embarcación de recreo en BARCO036, es preciso que esta disponga de un marcado CE, acreditado mediante su Declaración CE de Conformidad, emitida por el constructor. Dicho constructor ha de estar acreditado en la base de datos de la Dirección General de Marina Mercante y sólo puede emitir este tipo de declaraciones para nuevas embarcaciones de su fabricación. El marcado CE está regulado por el Real Decreto 98/2016, de 11 de marzo, por el que se regulan los requisitos de seguridad, técnicos y de comercialización de las motos náuticas, embarcaciones deportivas y sus componentes (BOE nº 64, de 15/03/2016).*

*Las embarcaciones que dispongan de dicho marcado CE podrán matricularse o inscribirse:*

*1. La matriculación implica enarbolar pabellón español, de forma similar a cualquier otro buque. (Artículo 9 del Real Decreto 1435/2010) 2. La inscripción habilita para navegar exclusivamente por el mar territorial español. (Artículo 8 del Real Decreto 1435/2010).*

*Las embarcaciones que no dispongan de marcado CE no podrán inscribirse en ningún caso, ni tampoco matricularse salvo en los siguientes supuestos:*

*a) Determinadas embarcaciones existentes (es decir construidas antes del 16 de junio de 1998) y que no disponen de marcado CE, pero limitado a los supuestos detallados en el Artículo 10 del Real Decreto 1435/2010.*

*b) Las construidas por aficionados, para uso personal de quien la construye y reguladas el Artículo 11. La administración deberá de supervisar la construcción. En caso de venta, deberá de emitírsele un marcado CE a estas embarcaciones de acuerdo con el procedimiento explicado en el párrafo siguiente.*

*Para matricular o inscribir cualquier otro tipo de embarcación sin marcado CE que no se encuentre en los supuestos anteriores, será preciso que se le realice una Evaluación Posterior a la Construcción, que, en caso de superarse con éxito, finalizará con el marcado CE de la embarcación.*

*La emisión de esta certificación, posterior a la construcción, no es competencia de ningún astillero, sino de los conocidos como Organismos Notificados, empresas externas con la debida acreditación por parte del Ministerio de Transportes de acuerdo con el Real Decreto 98/2016. Estas empresas emitirán una certificación,*

y el propietario o interesado que haya promovido la certificación, emitirá la nueva Declaración de Conformidad, necesariamente basada en la Certificación mencionada.

Esta misma certificación posterior a la construcción, es la única herramienta legal disponible para la legalización de embarcaciones que no disponían, tras su fabricación, de marcado CE (hallazgos o embarcaciones construidas en terceros países etc.) y que no se encuentren en los supuestos mencionados supra.

E no segundo dos informes (ac. 1037 das DPA 519/2022 do EXE) recolle:

- La Dirección General de Marina Mercante, como administración marítima española, habilita a astilleros constructores a emitir dichas declaraciones para las embarcaciones de su nueva construcción. Previa solicitud por parte de estos y mediante el trámite administrativo correspondiente.

- En el caso de embarcaciones existentes, dicha habilitación recae exclusivamente en los Organismos Notificados, no pudiendo realizarlas los astilleros constructores.

- Que la empresa Astixano SL dispuso de dicha habilitación por parte de la administración marítima desde el 22/03/00 hasta el 12/01/2021, momento este en que la administración marítima informó a sus Capitanías Marítimas que se le había retirado dicha habilitación.

- Hay que añadir que las Declaraciones CE de Conformidad las firma una persona autorizada dentro del astillero constructor habilitado, o bien un representante de este designado oficialmente por escrito. En este caso, Elías, como titular de Astixano SL, podría haber firmado las Declaraciones emitidas por Astixano SL durante el período en que esta empresa mantuvo su habilitación.

- No se exige ningún tipo de titulación académica para la firma de las Declaraciones CE de Conformidad. Se trata de un documento a modo de declaración responsable, donde el astillero establece que la embarcación de nueva construcción dispone del marcado CE, para lo cual es preciso que exista una documentación técnica que si debe de ser suscrita por técnicos competentes.

- Actualmente, por lo explicado, Astixano ya no está habilitada para emitir Declaraciones de conformidad CE a embarcaciones de su nueva construcción.

- No obstante, no existe un registro de representantes autorizados ni de personas designadas por los diferentes astilleros para emitir declaraciones CE de conformidad en su nombre. Por ello, se desconoce si Elías habría podido emitir o no declaraciones de conformidad en nombre de otro astillero diferente que sí mantenga su habilitación.

**Sexto.** Atribúese relevancia penal, o que xustifica a punibilidade da cooperación, a toda realización dunha acción que favoreza o feito principal no delito en que o autor exteriorice un fin delituoso manifesto, ou que revele unha relación de sentido delituoso, ou que supere os límites do papel social profesional do cooperante, de tal forma que xa non poden ser consideradas como profesionalmente adecuadas, ou que se adapte ao plan delituoso do autor, ou que implique un aumento do risco, etc. (neste sentido, a recente STS, Penal, Sección 1ª, do 8 de abril de 2026 –ROJ: STS 1599/2026 - ECLI:ES:TS:2026:1599–).

No presente caso, debía constatarse se a contribución dos partícipes foi ou non determinante ou necesaria para a produción do resultado como condición *sine qua non*, formulándose na doutrina, para determinar tal necesidade, a teoría dos bens escasos, tanto nas contribucións que consisten na entrega dunha cousa como nas que son dun mero facer, e a do dominio do feito. Así, considérase necesaria a cooperación cando se colabora co executor director achegando unha conduta sen a cal o delito non se cometería (teoría da *conditio sine qua non*), cando se colabora mediante a achega de algo que non é doado obter doutro xeito (teoría dos bens escasos) ou cando quen colabora pode impedir a comisión do delito retirando o seu concurso (teoría do dominio do feito).

De todas as anteriores teorías, a recente xurisprudencia (por todas, a STS, Penal, Sección 1ª, do 5 de marzo de 2026 –ROJ: STS 1335/2026 - ECLI:ES:TS:2026:1335–) decántase pola teoría da relevancia, que permite, á súa vez, distinguir entre coautores e cooperadores necesarios, visto que o dominio do feito depende non só da necesidade da achega para a comisión do delito, senón tamén do momento en que esa achega se produce, de modo que quen fai unha achega decisiva para a comisión do delito no momento da preparación, sen participar logo directamente na execución, non ten, en principio, o dominio do feito e, así, será un partícipe necesario, pero non coautor, concluíndo que o que distingue o cooperador necesario do cómplice non é o dominio do feito, que nin un nin outro teñen. O decisivo a este respecto é a importancia da achega na execución do plan do autor ou autores.

O cooperador necesario non realiza o feito típico, pero si unha actividade adxacente, colateral e distinta, pero intimamente relacionada coa do autor material, de tal forma que esa actividade resulta imprescindible para

a consumación dos comúns propósitos criminais asumidos por uns e outros no contexto do concerto previo (STS, Penal, Sección 1ª, do 4 de febreiro de 2026 –ROJ: STS 484/2026 - ECLI:ES:TS:2026:484–).

Precísase que o suxeito coñeza o propósito criminal do autor e que a súa vontade se oriente a contribuír cos seus propios actos, conscientemente, á consecución dese propósito. Así, na STS, Penal, Sección 1ª, do 27 de setembro de 2002 (ROJ: STS 6242/2002 - ECLI:ES:TS:2002:6242) xa se afirmaba que era suficiente con que o dolo do cooperador fose de carácter eventual respecto do resultado que puidese seguir á acción voluntaria que executa o autor, a cuxo éxito encamiña o partícipe coa súa achega. E sendo necesario un concerto para colaborar, este podía ser anterior, coetáneo ou sobrevido (STS, Penal, Sección 1ª, do 2 de xuño de 2014 –ROJ: STS 2327/2014 - ECLI:ES:TS:2014:2327–).

E todas estas características típicas se detectan na acción despregada polos acusados Antón, Lucio e Xurxo, como así se reflectiu nos feitos probados desta sentenza, pola súa actividade concorrente, concertada e necesaria coa do responsable criminal, que foi determinante para a consumación do delito de falsidade axuizado; polo tanto, aqueles foron cooperadores necesarios deste, como deseguido debullamos.

**Sétimo.** A avaliación dos devanditos medios probatorios en relación cos tres acusados Antón, Lucio e Xurxo determina a inexorable conclusión de que, do xeito particularizado que xa reflectimos, foron cooperadores necesarios do delito de falsidade en documento oficial.

Así, Antón é responsable, como cooperador necesario do artigo 28.b) en relación co artigo 65.3 do Código penal, dun delito de falsidade en documento oficial cometido por funcionario público.

E Lucio e Xurxo son responsables, como cooperadores necesarios do artigo 28.b) en relación co artigo 65.3 do Código penal, dun delito continuado de falsidade en documento oficial cometido por funcionario público.

Pretextaron os acusados que Astixano, SL, se presentaba publicamente como unha empresa que se dedicaba á obtención da correspondente documentación legal e regulamentaria de todo tipo relacionada coas embarcacións para o seu posterior rexistro nos organismos oficiais, e que ren máis sabían que os puidese responsabilizar a eles.

Mais, se no caso de Antón alega que non sabía nada de que non podía ter a súa embarcación BARCO037, á vez, nas listas 3ª e 7ª, por tratarse dun mariñeiro e descoñecer todo o relacionado cos trámites administrativos, resulta que sen subministrar explicacións lóxicas de por que quería ter esa dobre matriculación, manifestou que descubriu por Internet a existencia dunha empresa mediante a cal podía conseguilo. Á parte disto, por ser mariñeiro, como manifestou o axente da Garda Civil xxxx, perfectamente sabía, debía ou podía saber que unha embarcación non pode ter dobre matrícula ou estar nunha dobre lista, e aínda así procurou e obtivo a nova documentación do xeito indicado.

Resulta que, se deu coa devandita empresa e suxeito a través de Internet, por esta mesma vía podía confirmar a evidente e notoria imposibilidade de que a súa embarcación puidese pertencer simultaneamente á lista 3ª e á lista 7ª, por seren totalmente excluíntes por lei, xa que determinan o uso fiscal, comercial e técnico que se vai dar a unha única embarcación.

Isto porque, se a lista 3ª (pesca profesional) está reservada exclusivamente para buques e barcos dedicados á pesca marítima con fins comerciais e industriais, ten un réxime fiscal especial, exencións de impostos no combustible e cotas de pesca asignadas, a lista 7ª (recreo deportivo) está destinada unicamente a embarcacións de uso privado, deportivo ou para a pesca non profesional –recreativa–, sen ningún tipo de propósito lucrativo. E a mesma sinxela procura en Internet daríalle o coñecemento de que o que si podería facer era pasar o seu barco da lista 3ª á 7ª –como cando un pesqueiro vello se xubila e se reforma para recreo ou viceversa–, para o cal debía tramitar a baixa na lista de orixe e cursar a alta na de destino perante a Capitanía Marítima, mudando por completo a súa matrícula e eliminando os dereitos de pesca se pasa a recreo. Ou, se quería pescar por afección mentres tiña a lista 7ª, abandonando a 3ª, podía facelo, pero baixo a estrita normativa de pesca recreativa –con cana ou aparellos autorizados, topes de captura diarios e prohibición absoluta de vender o peixe–. Mais de todos é coñecido, e como mariñeiro sabíao, que non podía estar á vez nas dúas listas referidas.

Por maior abastanza, se entre a documentación que recibiu para poder ter, simultaneamente, nas listas 3ª e 7ª a súa única embarcación BARCO037 consta unha factura de compra desta cando xa a tiña no seu poder e non lla mercou ao estaleiro Astixano, SL, isto non fai máis que abundar nos indicios de que de sobra sabía o irregular xeito de proceder. Quen voluntariamente se sitúa na deliberada ignorancia de que o que é de común coñecemento que é ilícito pode facerse e, xa que logo, converterse en legal por alguén prestarse a conseguilo non fai máis que cooperar na comisión do ilícito penal. De ocorrer así, sería ben doado formularse, aberta e xeneralizadamente, a hipótese de que se descoñece que a súa conduta está tipificada no Código penal e, daquela, é ilícita para conseguir unha absolución ou, cando menos, atenuación da súa responsabilidade penal.

Pero ao movernos nestes casos dentro da crenza do autor de que obraba correctamente, que descoñecía que a súa conduta era ilícita, etc., estas alegacións deben reconducirse a uns estándares de conduta en que hai que ter en conta as circunstancias do suxeito, o feito que realizou, o tempo da súa comisión, etc., para poder avaliar se podía ser certa esa pretendida ignorancia de que o seu actuar era ilícito, precisándose que o autor probe axeitadamente que era certa, consistente e crible esta alegación. E, por todos os motivos indicados, de sobra lle constaba ao acusado Antón o ilícito do seu proceder e, daquela, a súa cooperación necesaria na comisión dun delito de falsidade documental.

No que atinxe aos outros dous acusados Lucio e Xurxo, como profesionais do mundo da náutica ou por habitualmente dedicarse á compravenda de embarcacións, de sobra sabían que, se estas carecían de toda documentación, por constarles a eles mesmos ou por así participarllelo quen con eles contactaba, a circunstancia de interviren eles mesmos nos trámites ou faceren de intermediarios coa empresa Astixano de Elías para obter a documentación os convertía nuns cooperadores necesarios do delito de falsidade en documento oficial.

O feito de que a embarcación xa existía cando se poñían en contacto con eles e logo os seus donos recibían unha factura de Astixano, SL, como se fose construída por este estaleiro coa declaración de conformidade coa normativa europea cando, por suposto, nin tan sequera fora examinada a amentada embarcación, para o seu posterior ingreso e inscrición na Capitanía de Vilagarcía de Arousa, abofé que ninguén, e con máis motivo eles dous polas súas amentadas condicións persoais e profesionais, podía ignoralo. Xa que logo, sobradamente lles constaba o ilícito proceder con que cooperaban.

Por maior abastanza, no caso de Lucio as seguintes testemuñas manifestaron:

Doroteo relatou que o señor con quen falou por teléfono para o tema da documentación do barco lle dixo que deixase os cartos –uns 750 € en total– na náutica de Lucio e que este xa llos daría a el, e así o fixo.

Vidal declarou que coñecía a Lucio porque era o seu mecánico, a quen sempre lle levaba a embarcación para reparar; que contactara con ese señor (Elías) e fixeron o trámite de cambio de lista de 7ª á 3ª; que foi Máximo quen lle comentou que ese home facía iso, e que non lle pagou nada a Máximo.

Dolores dixo que ela e o seu home lle preguntaran sobre o asunto a un mozo que tiña un taller, Lucio; e que os tratos se fixeron nese taller cun señor que xa non recoñecería, sen que Máximo interviñese.

Justino recoñeceu que dera con Astixano, SL, por mediación de Lucio, quen lle dixo que vendían embarcacións, aínda que acabou por declarar que non sabía xa se mercara un barco ou os seus documentos, pero que, en todo caso, non pagara 3025 €, senón 500 €.

E, como se pode comprobar na documentación achegada ás actuacións, en todas as solicitudes dos anteriores, e tamén nas das tamén testemuñas Nuria e Román perante a Capitanía Marítima, o teléfono de contacto que consta non é o de cada un deles, senón o número persoal que deu Lucio cando prestou declaración como investigado nesta mesma causa, o cal abofé que resulta ben significativo e elocuente.

E reforza todo anterior o feito de que na lista de colaboradores encontrada no rexistro domiciliario de Elías aparece Lucio, xunto con máis documental indicativa da súa participación nos feitos delituosos.

No caso de Xurxo, dando por reproducido o anterior que lle resulte aplicable, tanto José como Juan Pedro aludiron a el como a persoa que mediou para o logro dos seus intereses, como xa o reflectimos, aínda cando este último non lembraba o nome daquel cando declarou por videoconferencia no presente caso.

Ademais, na documentación achegada ás actuacións existe unha transferencia bancaria a nome de Xurxo e as transcricións das conversas entre el e a testemuña José, das cales se tira a súa función de mediador entre este e o falecido Elías; e tamén na solicitude perante a Capitanía Marítima o teléfono que figura non é o de Juan Pedro, senón o do propio acusado Xurxo.

**Oitavo.** Concorre a circunstancia modificadora da responsabilidade criminal atenuante de dilacións indebidas do artigo 21.6ª do Código penal en relación con todos os acusados, por mor do reflectido no feito declarado probado sétimo desta sentenza.

Tamén concorre a circunstancia analóxica de confesión tardía do artigo 21.7ª, en relación coa 4ª do mesmo artigo do Código penal, respecto dos acusados **Serafín, Jaime, Pío, Leonardo, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino**, por mor do reflectido no feito declarado probado oitavo desta sentenza.

**Noveno.** Tendo en conta o precedente fundamento de dereito deben impoñerse as seguintes penas:

- Para os acusados **Serafín e Jaime** as penas de **dez meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de dous meses** cunha

cota diaria de **tres euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que deixen de aboar, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público ou para calquera profesión ou industria relacionada coa homologación e emisión de documentación para embarcacións por un período de **seis meses**.

- Para os acusados **Pío, Leonardo, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino** as penas **dun ano e dous meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de cinco meses** cunha cota diaria de **tres euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que deixen de aboar, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público e para calquera profesión ou industria relacionada coa homologación e emisión de documentación para embarcacións por un período **dun ano**.

- Para o acusado **Antón un ano e seis meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de tres meses** cunha cota diaria de **oito euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que non pague, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público ou para calquera profesión ou industria relacionada coa construción, fabricación, reparación ou comercio de calquera tipo de embarcacións por un período **dun ano**.

- Para o acusado **Lucio** a pena de **dous anos e seis meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de dez meses** cunha cota diaria de **doce euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que non pague, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público ou para calquera profesión ou industria relacionada coa construción, fabricación, reparación ou comercio de todo tipo de embarcacións por un período de **dous anos e seis meses**.

- Para o acusado **Xurxo** a pena de **dous anos e tres meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de oito meses** cunha cota diaria de **doce euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que non pague, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público ou para calquera profesión ou industria relacionada coa construción, fabricación, reparación ou comercio de todo tipo de embarcacións por un período de **dous anos e seis meses**.

Para a fixación das penas no caso dos tres acusados que non se conformaron tivemos en conta a proximidade cos mínimos legais posibles, a concreta intervención e o número de actos en que cada un deles participou e, xa que logo, o conseguente reproche penoloxico que merecen, coas conseguentes inhabilitacións especiais que definitivamente para eles solicitou o fiscal.

E no relativo ás cotas diarias da pena de multa dos tres acusados Antón, Lucio e Xurxo, que non están moi afastadas do seu mínimo legal, tivemos en conta que ningún deles está en situación de indixencia ou miseria económica e que o primeiro se dedica á pesca e os outros dous a actividades relacionadas con empresas náuticas. Neste sentido, a recente STS, Penal, Sección 1ª, do 26 de marzo de 2026 (ROJ: STS 1301/2026 - ECLI:ES:TS:2026:1301) razoa o seguinte:

*En efecto, si bien algunas resoluciones de este mismo Tribunal se muestran radicalmente exigentes aplicando sin paliativos la cuantía mínima legal de la cuota diaria, en ausencia de investigación sobre la capacidad económica del acusado, otras más recientes afirman que la fijación de unas cuantías que no superan siquiera el salario mínimo, no requieren mayor justificación para ser consideradas conforme a Derecho, puesto que "una cifra menor habría que considerarla insuficientemente reparadora y disuasoria por lo que la sanción penal no cumpliría adecuadamente su función de prevención general positiva". La insuficiencia de los datos recogidos en el art. 50.5 CP no debe llevar automáticamente y con carácter generalizado a la imposición de la pena de multa con una cuota diaria cifrada en su umbral mínimo absoluto, a no ser que en realidad se pretenda es vaciar de contenido el sistema de penas establecido por el poder legislativo en el Código Penal, convirtiendo la pena de multa por el sistema legal de días-multa en algo nuclearmente simbólico, en el contenido efectivo de las penas impuestas por hechos tipificados en el CP acabe resultando inferior a las sanciones impuestas por infracciones administrativas similares, que tienen menor entidad que las penales (STS 17/2014, de 28-1).*

E o ATS, Penal, Sección 1ª, do 18 de decembro de 2025 (ROJ: ATS 12024/2025 - ECLI:ES:TS:2025:12024A) teima en que:

*[...] «en la fijación de la cuota de la multa y como hemos mantenido en una reiterada Jurisprudencia, la insuficiencia de datos acerca de la situación patrimonial del acusado, que no resultan colmadas con una mera declaración de insolvencia, no debe llevar automáticamente y con carácter generalizado a la imposición de la pena de multa con una cuota diaria cifrada en su umbral mínimo absoluto, sino que el reducido nivel mínimo*

de la pena de multa debe quedar reservado para casos extremos de indigencia o miseria. Por lo que en casos ordinarios en que no concurren dichas circunstancias extremas resulta adecuada la imposición de una cuota prudencial situada en el tramo inferior, próxima al mínimo (STS 419/2016, de 18 de mayo, entre otras muchas).

La STS 553/2013, 19 de junio, por su parte reitera:

“... hay que recordar que el art. 50.4 CP establece un abanico para la cuantificación de la cuota situado entre un mínimo de 2 euros y un máximo de 400 euros diario, debiéndose dentro de este ámbito fijar concretamente la cantidad en atención a los criterios a los que se refiere el párrafo 5º del mismo artículo. [...] Ciertamente la sentencia omite cualquier argumentación al respecto, pero es lo cierto que la jurisprudencia más reciente de la Sala viene afirmando que cuando la cuota señalada está muy próxima al mínimo legal no hace falta una especial motivación —STS 624/2008—. La sola referencia de que ambas han sido asistidas por Letrados de su elección patentiza la suficiente capacidad económica para atender al pago de la cuota fijada que, se insiste, es muy próxima al mínimo legal. En tal sentido, SSTS 1342/2001; 1536/2001; 2197/2002; 512/2006 ó 1255/2009, entre otras. En el presente caso, verificamos que las cuotas fijadas han sido de 12 euros y 20 euros de cuota, respectivamente, por las faltas de lesiones y amenazas, en todo caso se trata de unas cantidades muy próximas al mínimo legal y por tanto, aunque no se haya hecho una investigación sobre la situación económica de la recurrente, en principio no habría porqué modificar tales cuantías con lo que habría que rechazar tanto el motivo como el apoyo del Fiscal”.

En igual sentido, la STS 667/2016, de 21 de julio, donde había sido impuesta una cuota de 20 euros: El artículo 50.5 CP ordena tener en cuenta a los efectos de establecer la cuota diaria de la multa exclusivamente la capacidad económica del condenado deducida de su patrimonio, ingresos, obligaciones y cargas familiares y demás circunstancias personales del mismo. La jurisprudencia ha señalado que no siempre es procedente la imposición de la cuantía mínima, que debe quedar para supuestos de indigencia, miseria o similares. Como señalan las sentencias núm. 175/2001, de 12 de febrero y STS nº 1265/2005, que la cita, “con ello no se quiere significar que los Tribunales deban efectuar una inquisición exhaustiva de todos los factores directos o indirectos que pueden afectar a las disponibilidades económicas del acusado, lo que resulta imposible y es, además, desproporcionado, sino únicamente que deben tomar en consideración aquellos datos esenciales que permitan efectuar una razonable ponderación de la cuantía proporcionada de la multa que haya de imponerse”.

**Décimo.-** As **custas procesuais** deben imponse aos acusados a teor do disposto nos artigos 123 do Código penal e 239 e 240.2º da Lei de axuízamento criminal, con expresa declaración de oficio das correspondentes ao acusado falecido e aos acusados contra os cales o fiscal retirou a acusación.

Tras seren vistos os artigos de xeral e pertinente aplicación,

## DECIDIMOS

- 1.- A extinción da responsabilidade criminal de Elías, a teor do artigo 130.1.1º do Código penal.
- 2.- A absolución de Justa e Eliseo, por o fiscal retirar a acusación contra eles como cómplices dun delito continuado de falsidade cometido por funcionario público do artigo 29 do Código penal.
- 3.- A condena de:
  - **Serafín e Jaime**, como cooperadores necesarios do artigo 28.b) en relación co artigo 65.3 do Código penal nun delito de falsidade en documento oficial cometido por funcionario público, coa concurrencia das circunstancias modificadoras da responsabilidade criminal atenuantes de dilacións indebidas do artigo 21.6ª e analóxica de confesión tardía do artigo 21.7ª, en relación co artigo 21.4ª, todos do Código penal, ás penas, para cada dun deles, de **dez meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de dous meses** cunha cota diaria de **tres euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que deixe de aboar, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público e para calquera profesión ou industria relacionada coa homologación e emisión de documentación para embarcacións por un período de **seis meses**.
  - **Pío, Leonardo, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino**, como cooperadores necesarios do artigo 28.b) en relación co artigo 65.3 do Código penal nun delito de falsidade en documento oficial cometido por funcionario público, coa concurrencia das circunstancias modificadoras da responsabilidade criminal atenuantes de dilacións indebidas do artigo 21.6ª e analóxica de confesión tardía do artigo 21.7ª, en relación co artigo 21.4ª, todos do Código penal, ás penas, para cada dun deles, **dun ano e dous meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de cinco meses** cunha cota diaria de **tres euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun

día de privación de liberdade por cada dúas cotas que deixen de aboar, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público e para calquera profesión ou industria relacionada coa homologación e emisión de documentación para embarcacións por un período **dun ano**.

4.- A condena de **Antón**, en concepto de cooperador necesario do artigo 28.b) en relación co artigo 65.3 do Código penal nun delito de falsidade en documento oficial cometido por funcionario público, coa concorrencia da circunstancia modificadora da responsabilidade criminal atenuante de dilacións indebidas do artigo 21.6ª do mesmo texto legal, á pena de **un ano e seis meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de tres meses** cunha cota diaria de **oito euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que non pague, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público ou para calquera profesión ou industria relacionada coa construción, fabricación, reparación ou comercio de calquera tipo de embarcacións por un período **dun ano**.

5.- A condena de **Lucio**, en concepto de cooperador necesario do artigo 28.b) en relación co artigo 65.3 do Código penal nun delito de falsidade en documento oficial cometido por funcionario público, coa concorrencia da circunstancia modificadora da responsabilidade criminal atenuante de dilacións indebidas do artigo 21.6ª do mesmo texto legal, á pena de **dous anos e seis meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de dez meses** cunha cota diaria de **doce euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que non pague, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público ou para calquera profesión ou industria relacionada coa construción, fabricación, reparación ou comercio de todo tipo de embarcacións por un período de **dous anos e seis meses**.

6.- A condena de **Xurxo**, en concepto de cooperador necesario do artigo 28.b) en relación co artigo 65.3 do Código penal nun delito continuado de falsidade en documento oficial por funcionario público, coa concorrencia da circunstancia modificadora da responsabilidade criminal atenuante de dilacións indebidas do artigo 21.6ª do mesmo texto legal, á pena de **dous anos e tres meses de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, **multa de oito meses** cunha cota diaria de **doce euros** e responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas que non pague, ademais da pena de **inhabilitación especial** para emprego ou cargo público ou para calquera profesión ou industria relacionada coa construción, fabricación, reparación ou comercio de todo tipo de embarcacións por un período de **dous anos e seis meses**.

Condenamos a todos os amentados acusados condenados ao pagamento das correspondentes custas ocasionadas na presente instancia.

Visto o informado polo fiscal, suspendemos, por dous anos, a execución das penas privativas de liberdade de Serafín, Jaime, Pío, Leonardo, Bernardo, Denis, Dimas, Obdulio, Nicolás, Camila e Marcelino.

Notifíquese esta sentenza, da cal se unirá unha certificación ao correspondente rolo de sala, ás partes e aos ofendidos e prexudicados, aínda que non se mostrasen parte no procedemento, comunicándolles que contra ela cabe presentar un **recurso de apelación** ante esta Audiencia perante a Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza dentro dos **dez días** seguintes ao da última notificación da sentenza, recurso que se tramitará consonte o establecido nos artigos 790, 791 e 792 da Lei de axuízamento criminal.

Así, por esta nosa sentenza, que se anotará nos rexistros correspondentes, pronunciamolo, mandámolo e asinámolo.

A difusión do texto desta resolución a partes non interesadas no proceso en que foi pronunciada só poderá levarse a cabo logo da disociación dos datos de carácter persoal que conteña o documento e con pleno respecto ao dereito á intimidade, aos dereitos das persoas que requiran un especial deber de tutela ou á garantía do anonimato das vítimas ou prexudicados, cando proceda.

Os datos persoais incluídos nesta resolución non poderán ser cedidos nin comunicados con fins contrarios ás leis.